

RESOLUCIÓN DO 3 DE MARZO DE 2021, DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO E INGRESO NOS CORPOS DA POLICÍA LOCAL DE GALICIA, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE POLICÍA, QUENDA DE ACCESO LIBRE E CONCURSO, CONVOCADO POR ORDE DO 8 DE XULLO DE 2020 DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (DOG DO 10 DE XULLO).

Na sesión que tivo lugar o día 3 de marzo de 2021, o tribunal que cualifica este proceso selectivo, nomeado por Orde do 26 de novembro de 2020 (DOG núm. 249 do 11 de decembro),

ACORDOU:

PRIMEIRO. O día 26 de febreiro de 2021 desenrolouse a primeira proba de coñecementos tipo test do proceso selectivo, e rematado este, publicouse a folla de respostas das preguntas e dáse un prazo de dous días (27 e 28 de febreiro) para presentar alegacións por parte dos/as aspirantes.

Tras a publicación da folla de respostas das preguntas do exame, advertiuse erro na transcripción dalgunha das respostas, publicándose resolución nese mesmo día coas correccións oportunas.

Transcorrido o prazo e recibidas as alegacións e reclamacións, réunese o tribunal para a súa valoración e adopción da presente resolución.

SEGUNDO.

O tribunal acorda anular as preguntas número 39 e 45 do primeiro exercicio, pasando a ocupar o seu posto a pregunta reserva 1 (101) e a pregunta reserva 2 (102).

Engadir respostas correctas nas preguntas seguintes:

- Pregunta 38, dándose como correctas as respostas A e D.
- Pregunta 95, dándose como correctas as respostas B e C.

Desestimar o resto das reclamacións e alegacións presentadas.

TERCEIRO.

Contra esta resolución non cabe recurso administrativo.

A Estrada, 3 de marzo de 2021
A Presidenta do tribunal

